



DON PABLO TABOADA CAMOIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI,
(LUGO)

FAI SABER

A Consellería de Política Social no Diario Oficial de Galicia do día 20 de xaneiro de 2020, publica a Orde do 18 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2020.

Persoas beneficiarias

Persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos nados entre o 01/01/2017 e o 31/12/2019 e que nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar teñan feita a declaración da renda do exercicio 2018.

Contía

Nº de orde que ocupa o fillo ou filla na unidade familiar da persoa solicitante	<u>CONTÍA</u>
1º	360€
2º	1200€
3º e sucesivos	2400€

Documentación

Solicitud e anexos/Prestación electrónica na sede.

- Fotocopia do libro de Familia ou certificación literal de nacemento do Rexistro Civil de cada unha das fillas ou fillos da persoa solicitante.
- Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar.
- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, se é o caso.

Se a persoa solicitante recibira a prestación familiar por fillo menor a cargo no ano anterior, só terá que presentar canda a solicitude a documentación sinalada nas letras a) e b).

Información e tramitación

Na oficina de Servizos Sociais Comunitarios no Centro de Saúde do Concello de Palas de Rei, de Luns a Venres de 9,00 a 14,00 horas.

O prazo remata o día 9 de marzo de 2020.

Palas de Rei, a 21 de xaneiro de 2020

O ALCALDE,

Ayuntamiento de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 9KXF4MK9SGPQT2HY6DDGYED5J | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1